

dente ó ano 2002 poderán regularizala súa situación presentando solicitudes de rectificación da súa autoliquidación ante o delegado ou administrador da Axencia Estatal de Administración Tributaria competente por razón do domicilio fiscal do contribuínte, nos termos previstos na disposición adicional terceira do Real decreto 1163/1990, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para a realización de devolucións de ingresos indebidos de natureza tributaria («Boletín Oficial del Estado» do 25).

Estas solicitudes de rectificación poderán presentarse a partir da entrada en vigor da presente orde.

Disposición adicional.

Inclúense no punto primeiro da Orde HAC/72/2003, do 22 de xaneiro («Boletín Oficial del Estado» do 25), pola que se desenvolven os artigos 3 e 4 do Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige», as actividades clasificadas nos epígrafes 647.1, «Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor», e 663.1, «Comercio polo miúdo fóra dun establecemento comercial permanente de produtos alimenticios, mesmo bebidas e xeados», da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas.

Disposición derradeira única.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 26 de febreiro de 2003.

MONTORO ROMERO

Excmos. Sres. Secretario de Estado de Facenda e director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

4245 *REAL DECRETO 253/2003, do 28 de febreiro, polo que se incorpora ó ordenamento español a Directiva 1999/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xuño de 1999, pola que se establece un mecanismo de recoñecemento de títulos respecto das actividades profesionais a que se refiren as directivas de liberalización e de medidas transitorias. («BOE» 52, do 1-3-2003.)*

A Directiva 1999/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xuño de 1999, a recepción da cal no ordenamento xurídico español é obxecto deste real decreto, constitúe unha consecuencia ineludible de dúas das liberdades básicas do sistema comunitario, a liberdade de establecemento e a libre prestación de servizos, con relación a aquelas actividades profesionais que non entran dentro do campo de aplicación de dúas directivas precedentes: por unha parte, a Directiva 89/48/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1988, relativa a un sistema xeral de recoñecemento dos títulos de ensino superior que sancionan formacións profesionais dunha duración mínima de tres anos (DO L 19, do 24 de xaneiro de 1989), a transposición da cal foi realizada mediante o Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro, sobre recoñecemento de títulos de ensino superior de nacionais de estados membros que esixan

unha formación superior mínima de tres anos. Este real decreto foi modificado posteriormente polas seguintes disposicións: o Real Decreto 767/1992, do 26 de xuño, mediante o que se inclúe nos anexos ó Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro, a profesión de técnico de empresas e actividades turísticas; o Real decreto 2073/1995, do 22 de decembro, mediante o que se modifica o Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro, para adaptalo á entrada en vigor do Acordo sobre o espazo económico europeo do 2 de maio de 1992; o Real decreto 1754/1998, do 31 de xullo, polo que se incorporan ó dereito español as directivas 95/43/CE e 97/38/CE e se modifican os anexos dos reais decretos 1665/1991, do 25 de outubro, e 1396/1995, do 4 de agosto; e polo Real decreto 411/2001, do 20 de abril, polo que se exclúe a profesión de enfermeiro de enfermería xeral con especialidade dos anexos do Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro. E, por outra, a Directiva 92/51/CEE do Consello, do 18 de xuño de 1992, relativa a un segundo sistema xeral de recoñecemento de formacións profesionais (DO L 209, do 24 de xullo de 1992), que foi trasposta polo Real decreto 1396/1995, do 4 de agosto, polo que se regula un segundo sistema xeral de recoñecemento de formacións profesionais dos estados membros da Unión Europea e dos demais estados signatarios do Acordo sobre o espazo económico europeo (1994) e complementa o establecido no Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro. Este real decreto foi modificado posteriormente polo Real decreto 1754/1998, do 31 de xullo, polo que se incorporan ó dereito español as directivas 95/43/CE e 97/38/CE e se modifican os anexos dos reais decretos 1665/1991, do 25 de outubro, e 1396/1995, do 4 de agosto.

É preciso, en consecuencia, incorporar ó dereito español as normas que permitan aplica-lo previsto na Directiva 1999/42/CE, tendo en conta que a súa regulación afecta unicamente os nacionais dun Estado membro que se propoñan exercer, por conta propia ou allea, unha das actividades profesionais que fose regulada en España.

Para a elaboración deste real decreto efectuouse unha extensa rolda de consultas, na que se solicitou parecer sobre a tarefa de transposición ós diferentes departamentos ministeriais competentes por razón da materia, ós interlocutores sociais máis representativos e ás comunidades autónomas. Igualmente, participou nesta tarefa o Consello Económico e Social.

Como froito desta tarefa compartida, as normas de transposición que agora se aproban permitirán suprimir os obstáculos que puidesen existir aínda para a libre circulación e o libre establecemento no ámbito comunitario dos cidadáns dos países membros que están en posesión dos títulos ou cualificacións profesionais indicados, ós que non sexan de aplicación as disposicións dos reais decretos 1665/1991, do 25 de outubro, ou 1396/1995, do 4 de agosto, antes citados. Para unha mellor comprensión do campo afectado tanto pola Directiva 1999/42/CE, como pola presente norma de incorporación, inclúese como anexo ó articulado o anexo A da propia directiva, que recolle a lista de actividades incluídas no seu ámbito de aplicación.

Ademais, as disposicións adicionais deste real decreto introducen unha serie de modificacións de detalle nos anexos de profesións reguladas dos reais decretos 1665/1991, do 25 de outubro, e 1396/1995, do 4 de agosto, principalmente, co fin de incorporar novas profesións creadas con posterioridade á data de aprobación de tales normas.

Finalmente, tendo en conta que a directiva agora trasposta derroga unha serie de directivas anteriores, os contidos das cales son substituídos polos da nova directiva,

procédese a modificar ou a derroga-los reais decretos dictados para traspoñe-las directivas derogadas.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Educación, Cultura e Deporte, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Sanidade e Consumo, de Economía e de Ciencia e Tecnoloxía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de febreiro de 2003,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Ámbito de aplicación

Artigo 1. *Ámbito obxectivo e subxectivo.*

1. Este real decreto regula o dereito de establecemento e á libre prestación de servicios cando os seus titulares se propoñan exercer en España, sexa por conta propia ou allea, algunha das actividades enumeradas no anexo A da Directiva 1999/42/CE, que se reproduce no anexo deste real decreto.

2. Son titulares do dereito de establecemento e á libre prestación de servicios en España das actividades enumeradas no anexo (en diante, os beneficiarios) tanto as persoas físicas que sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou doutros estados partes no Acordo sobre o espacio económico europeo (Porto, 2 de maio de 1992, ratificado por España o 26 de novembro de 1993), como as sociedades mencionadas no título I dos programas xerais para a supresión das restricións á liberdade de establecemento e á libre prestación de servicios, aprobados polo Consello da Comunidade Económica Europea o 18 de decembro de 1961 («Diario Oficial» número 2, do 15 de xaneiro de 1962).

3. As normas establecidas neste real decreto aplicaranse ás actividades enumeradas no anexo sempre que non entren dentro do campo de aplicación do Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro, sobre recoñecemento de títulos de ensino superior de nacionais de estados membros que esixan unha formación superior mínima de tres anos; nin do Real decreto 1396/1995, do 4 de agosto, polo que se regula un segundo sistema xeral de recoñecemento de formacións profesionais dos estados membros da Unión Europea e dos demais estados signatarios do Acordo sobre o espacio económico europeo e complementa o establecido no Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro.

Artigo 2. *Requisitos xerais.*

1. O exercicio daquelas actividades do anexo que estean reguladas en España quedará condicionado ó cumprimento dos requisitos contidos nos artigos 4 a 12 deste real decreto que lles resulten de aplicación.

2. Os requisitos a que se refire o punto anterior respecto das probas, cursos de adaptación ou certificados esixibles para o exercicio de actividades en España, unicamente serán de aplicación no caso de que se trate do desenvolvemento dunha actividade ou profesión regulada para o exercicio da cal se esixan uns requisitos específicos de formación.

3. No suposto de que para o exercicio de tales actividades do anexo se esixise outro tipo de requisitos, o dereito de establecemento e á libre prestación de servicios deberase efectuar cumprindo os mesmos requisitos e en iguais condicións e cos mesmos dereitos que os españois.

Artigo 3. *Actividades excluídas.*

As disposicións deste real decreto non se aplicarán ós xogos de sorte, envite ou azar, apostas e combinacións aleatorias, ó non se considerar incluídos no punto 3 da lista VI da primeira parte do anexo (grupo 843 CITI, Servicios recreativos non comprendidos noutro lugar), que se rexen pola súa lexislación especial.

CAPÍTULO II

Recoñecemento de títulos concedidos por outro Estado membro asimilables ó respectivo título español

Artigo 4. *Ámbito material dos diplomas regulados.*

Recoñécense en España, para o exercicio das profesións reguladas que así o requiran, os diplomas, certificados ou títulos concedidos por un Estado membro que faculden para exercer nel a mesma profesión das enumeradas na primeira parte do anexo, sempre que non lles sexan de aplicación as disposicións dos reais decretos 1665/1991, do 25 de outubro, ou 1396/1995, do 4 de agosto, e con suxeición ó disposto nos artigos seguintes.

Artigo 5. *Exame comparativo dos diplomas.*

1. As autoridades españolas competentes realizarán un exame comparativo entre os coñecementos e competencias acreditados polos diplomas, certificados e outros títulos obtidos, co fin de exercer tales actividades noutro lugar da comunidade, e os que esixen as normas españolas.

2. Se o devandito exame comparativo permite deducir que os coñecementos e competencias acreditados por un diploma, certificado ou outro título expedido por outro Estado membro se corresponden cos esixidos polas disposicións españolas, recoñecerase o dereito de exercer-la actividade considerada.

3. Se, pola contra, o exame comparativo pon de manifesto unha diferenza substancial, as autoridades competentes deberanlle ofrecer ó beneficiario a posibilidade de demostrar que adquiriu os coñecementos e cualificacións de que carecía. Neste caso, as ditas autoridades deixaranlle ó solicitante a opción entre o curso de adaptación e a proba de aptitude, nos termos regulados polos artigos 9, 10, 12, 19 e 20 do Real decreto 1396/1995, do 4 de agosto.

Artigo 6. *Curso de adaptación ou proba de aptitude.*

Non obstante o disposto no artigo anterior, as autoridades competentes poderán esixir un curso de adaptación ou unha proba de aptitude cando o beneficiario pretenda exercer actividades profesionais por conta propia ou en calidade de directivo de empresa, comprendidas na primeira parte do anexo, que esixan o coñecemento e a aplicación de disposicións nacionais específicas vixentes, na medida en que tales requisitos sexan esixidos ós nacionais españois para o acceso a tales actividades.

CAPÍTULO III

Recoñecemento de cualificacións profesionais en función da experiencia profesional adquirida noutro Estado membro

Artigo 7. *Ámbito material das actividades reguladas.*

Cando o acceso a unha das actividades enumeradas no anexo ou o seu exercicio estean supeditados á pose-

sión de coñecementos e de aptitudes xerais, comerciais ou profesionais, nos termos que requiran as normativas específicas das actividades reguladas en España, as autoridades competentes admitirán como proba suficiente dos devanditos coñecementos e aptitudes o exercicio efectivo da actividade considerada noutro Estado membro.

Cando se trate dunha actividade da que o equivalente estea incluído na primeira parte do anexo, o devandito exercicio deberase efectuar:

1. Respecto das actividades da lista I:

a) Ben durante seis anos consecutivos por conta propia ou en calidade de directivo de empresa.

b) Ben durante tres anos consecutivos por conta propia ou en calidade de directivo de empresa, cando o beneficiario probe que recibiu, para a actividade en cuestión, unha formación previa de polo menos tres anos, sancionada por un certificado recoñecido polo Estado ou declarado plenamente válido por un organismo profesional ou comercial competente.

c) Ben durante tres anos consecutivos por conta propia, cando o beneficiario probe que exerceu esa actividade por conta allea durante polo menos cinco anos.

d) Ben durante cinco anos consecutivos en funcións de dirección, dos que polo menos tres anos se dedicaran a funcións de carácter técnico con responsabilidade sobre polo menos un departamento da empresa, cando o beneficiario probe que recibiu, para a actividade en cuestión, unha formación previa de polo menos tres anos, sancionada por un certificado recoñecido polo Estado ou declarado plenamente válido por un organismo profesional ou comercial competente.

Nos supostos a que se refiren as alíneas a) e c), non deberán transcorrer máis de dez anos entre a data de cesamento da actividade e a data de presentación da solicitude prevista no artigo 11.

2. Respecto das actividades da lista II:

a) Ben durante seis anos consecutivos por conta propia ou en calidade de directivo de empresa; ou

b)

1.º Ben durante tres anos consecutivos por conta propia ou en calidade de directivo de empresa, cando o beneficiario probe que recibiu, para a actividade en cuestión, unha formación previa de polo menos tres anos, sancionada por un certificado recoñecido polo Estado ou declarado plenamente válido por un organismo profesional ou comercial competente; ou

2.º Ben durante catro anos consecutivos por conta propia ou en calidade de directivo de empresa, cando o beneficiario probe que recibiu, para a actividade en cuestión, unha formación previa de polo menos dous anos, sancionada por un certificado recoñecido polo Estado ou declarado plenamente válido por un organismo profesional ou comercial competente.

c) Ben durante tres anos consecutivos por conta propia ou en calidade de directivo de empresa, cando o beneficiario probe que exerceu esa actividade por conta allea durante polo menos cinco anos.

d) Ben durante cinco anos consecutivos por conta allea, cando o beneficiario probe que recibiu, para a actividade en cuestión, unha formación previa de polo menos tres anos, sancionada por un certificado recoñecido polo Estado ou declarado plenamente válido por un organismo profesional ou comercial competente; ou ben durante seis anos consecutivos por conta allea, cando o beneficiario probe que recibiu, para a actividade en cuestión, unha formación previa de polo menos dous anos, sancionada por un certificado recoñecido polo Estado ou declarado plenamente válido por un organismo profesional competente.

Nos supostos a que se refiren as alíneas a) e c), non deberán transcorrer máis de dez anos entre a data de cesamento da actividade e a data de presentación da solicitude prevista no artigo 11.

3. Respecto das actividades da lista III:

a) Ben durante seis anos consecutivos por conta propia ou en calidade de directivo de empresa.

b) Ben durante tres anos consecutivos por conta propia ou en calidade de directivo de empresa, cando o beneficiario probe que recibiu, para a actividade en cuestión, unha formación previa de polo menos tres anos, sancionada por un certificado recoñecido polo Estado ou declarado plenamente válido por un organismo profesional ou comercial competente.

c) Ben durante tres anos consecutivos por conta propia, cando o beneficiario probe que exerceu esa actividade por conta allea durante polo menos cinco anos.

Nos supostos a que se refiren as alíneas a) e c), non deberán transcorrer máis de dez anos entre a data de cesamento da actividade e a data de presentación da solicitude prevista no artigo 11.

4. Respecto das actividades da lista IV:

a) Ben durante cinco anos consecutivos por conta propia ou en calidade de directivo de empresa.

b) Ben durante dous anos consecutivos por conta propia ou en calidade de directivo de empresa, cando o beneficiario probe que recibiu, para a actividade en cuestión, unha formación previa de polo menos tres anos, sancionada por un certificado recoñecido polo Estado ou declarado plenamente válido por un organismo profesional ou comercial competente.

c) Ben durante tres anos consecutivos por conta propia ou en calidade de directivo de empresa, cando o beneficiario probe que recibiu, para a actividade en cuestión, unha formación previa de polo menos dous anos, sancionada por un certificado recoñecido polo Estado ou declarado plenamente válido por un organismo profesional ou comercial competente.

d) Ben durante dous anos consecutivos por conta propia ou en calidade de directivo de empresa, cando o beneficiario probe que exerceu esa actividade por conta allea durante polo menos tres anos.

e) Ben durante tres anos consecutivos por conta allea, cando o beneficiario probe que recibiu, para a actividade en cuestión, unha formación previa de polo menos dous anos, sancionada por un certificado recoñecido polo Estado ou declarado plenamente válido por un organismo profesional competente.

5. Respecto das actividades da lista V, alíneas a) e b):

a) Ben durante tres anos por conta propia ou en calidade de directivo de empresa, sempre que non transcorreran máis de dous anos entre a data de cesamento da actividade e a data de presentación da solicitude prevista no artigo 11.

b) Ben durante tres anos por conta propia ou en calidade de directivo de empresa, sempre que non transcorreran máis de dous anos entre a data de cesamento da actividade e a data de presentación da solicitude prevista no artigo 11, a menos que as autoridades competentes españolas permitan un período maior de interrupción desas actividades profesionais.

6. Respecto das actividades da lista VI:

a) Ben durante tres anos consecutivos por conta propia ou en calidade de directivo de empresa.

b) Ben durante dous anos consecutivos por conta propia ou en calidade de directivo de empresa, cando o beneficiario probe que recibiu, para a actividade en

cuestión, unha formación previa sancionada por un certificado recoñecido polo Estado ou declarado plenamente válido por un organismo profesional ou comercial competente.

c) Ben durante dous anos consecutivos por conta propia ou en calidade de directivo de empresa, cando o beneficiario probe que exerceu esa actividade por conta allea durante polo menos tres anos.

d) Ben durante tres anos consecutivos por conta allea, cando o beneficiario probe que recibiu, para a actividade en cuestión, unha formación previa sancionada por un certificado recoñecido polo Estado ou declarado plenamente válido por un organismo profesional ou comercial competente.

Nos supostos a que se refiren as alíneas a) e c) non deberán transcorrer máis de dez anos entre a data de cesamento da actividade e a data de presentación da solicitude prevista no artigo 11.

Artigo 8. *Certificados que acrediten coñecementos e aptitudes.*

Cando un beneficiario sexa titular dun certificado, obtido nun Estado membro e recoñecido no ámbito nacional, que acredite uns coñecementos e aptitudes na actividade en cuestión equivalentes polo menos a dous ou tres anos, segundo proceda, de formación profesional, o dito certificado poderá ser considerado polas autoridades competentes españolas igual que un certificado que acredite unha formación da duración requirida polas alíneas b) e d) do punto 1, as alíneas b) e d) do punto 2, a alínea b) do punto 3, e as alíneas b), c) e e) do punto 4 do artigo 7.

Artigo 9. *Formación complementada con experiencia profesional.*

Cando a duración da formación do beneficiario sexa igual ou superior a dous anos pero inferior a tres, consideraranse cumpridos os requisitos do artigo 7 se a duración da experiencia profesional como traballador por conta propia ou como directivo, conforme o disposto nas alíneas b) e d) do punto 1, a alínea b), 1.º, do punto 2, a alínea b) do punto 3 e a alínea b) do punto 4 do artigo 7 ou como traballador por conta allea conforme o disposto na alínea d) do punto 2 do mesmo artigo, se ampliase na mesma proporción para salva-la diferenza na duración da formación.

Artigo 10. *Actividade de directivo de empresa.*

Para efectos do disposto no artigo 7, consideraranse que exerceu unha actividade de directivo de empresa toda persoa que exercese nunha empresa do ramo profesional correspondente:

a) Ben a función de director de empresa ou de director de sucursal.

b) Ben a función de adxunto ó empresario ou ó director de empresa, se a devandita función implica unha responsabilidade equivalente á do empresario ou director de empresa representado.

c) Ben a función de directivo encargado de tarefas comerciais ou técnicas responsable dun ou máis departamentos da empresa.

Artigo 11. *Proba do cumprimento dos requisitos.*

A proba de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 7 consistirá nunha certificación sobre o tipo e a duración da actividade, expedida pola autoridade

ou o organismo competente do Estado membro de orixe ou de procedencia do beneficiario, que este deberá presentar en apoio da súa solicitude de autorización para o exercicio da actividade ou as actividades de que se trate ante as autoridades competentes españolas.

CAPÍTULO IV

Recoñecemento doutras cualificacións profesionais adquiridas noutro Estado membro

Artigo 12. *Acreditación de boa conducta, solvencia e similares.*

1. Cando a lexislación española esixa, para o acceso a algunha das actividades enumeradas no anexo, a acreditación de boa conducta e de non estar nin ter sido declarado en quebra con anterioridade, ou só unha destas dúas acreditacións, as autoridades competentes aceptarán como proba suficiente, para os nacionais dos demais estados membros, a presentación dun certificado de antecedentes penais ou, no seu defecto, dun documento equivalente expedido por unha autoridade xudicial ou administrativa competente do Estado membro de orixe ou de procedencia, que acredite que o beneficiario cumpre os devanditos requisitos.

2. Cando a lexislación española esixa, para o acceso a algunha das actividades enumeradas no anexo, determinados requisitos de boa conducta e a acreditación de non estar nin ter sido declarado en quebra con anterioridade ou de non ter sido obxecto anteriormente de sancións disciplinarias de carácter profesional ou administrativo (tales como a prohibición de exercer determinadas funcións, a suspensión ou a separación), e o documento a que se refire o punto 1 deste artigo non achegue proba diso, as autoridades competentes aceptarán como proba suficiente, para os nacionais dos demais estados membros, un certificado expedido por unha autoridade xudicial ou administrativa competente do Estado membro de orixe ou de procedencia, que acredite que o beneficiario cumpre os devanditos requisitos. O devandito certificado referirase ós feitos concretos que se teñan en conta en España.

3. Cando o Estado membro de orixe ou de procedencia do beneficiario non expida os documentos previstos nos puntos 1 e 2, estes poderán substituírse por unha declaración xurada.

4. Cando a lexislación española esixa unha proba de solvencia, as autoridades competentes deberán considerar as certificacións expedidas polos bancos do Estado membro de orixe ou de procedencia do beneficiario como equivalentes ás expedidas en España.

5. Cando a lexislación española esixa, para o acceso ou exercicio dunha das actividades do anexo, a proba de que están protexidos mediante un seguro fronte ás consecuencias pecuniarias da súa responsabilidade profesional, as autoridades competentes aceptarán as certificacións expedidas polas entidades aseguradoras dos demais estados membros como equivalentes ás expedidas en España. As devanditas certificacións deberán precisar que o asegurador observou as disposicións legais e regulamentarias vixentes en España no relativo ás condicións e alcance da cobertura.

6. Os documentos a que se refiren os puntos 1, 2, 3 e 5 non producirán efecto se se presentan cando transcorran máis de tres meses desde a data da súa expedición.

CAPÍTULO V

Disposicións comúns

Artigo 13. *Procedemento de exame de solicitudes de recoñecemento.*

1. O procedemento de exame de solicitudes de recoñecemento a que aluden os artigos precedentes deberá finalizar no prazo máis breve posible e culminará cunha decisión motivada da autoridade competente, como moito nun prazo de catro meses contados desde a presentación do expediente completo do interesado.

2. De non recaer resolución no prazo previsto no punto 1 deste artigo e, a teor do establecido no anexo 2 da disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social (punto «Procedementos de expedición, renovación, revalidación, homologación, validación e recoñecemento de títulos, diplomas, materias, licencias e certificados académicos ou profesionais», segundo a redacción dada polo artigo 69.3 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social), poderá entenderse desestimada a solicitude para os efectos da interposición do recurso procedente.

Artigo 14. *Acreditación da experiencia profesional adquirida en España en actividades non reguladas.*

1. Cando noutro Estado membro da Unión Europea o acceso ás actividades enumeradas no anexo, ou o seu exercicio, estea subordinado á posesión de coñecementos e aptitudes xerais, comerciais ou profesionais, o exercicio efectivo, se é o caso, das devanditas actividades en España acreditarase do seguinte xeito:

a) O exercicio da actividade a título independente, mediante a xustificación do correspondente imposto de actividades económicas ou título equivalente, que se acreditará mediante as oportunas cartas de pagamento ou mediante certificación expedida para o efecto pola entidade que exerza a xestión tributaria do devandito imposto.

Esta circunstancia poderase acreditar, igualmente, mediante a xustificación dos períodos de alta, por razón do exercicio da correspondente actividade, no réxime especial da Seguridade Social de traballadores por conta propia ou autónomos, o que se acreditará mediante certificación expedida polo organismo da Administración da Seguridade Social competente en materia de afiliación, altas e baixas dos traballadores.

b) O exercicio da actividade en calidade de directivo encargado da xestión da empresa, en funcións de dirección ou a título dependente, mediante a xustificación dos períodos de alta, por razón do exercicio da correspondente actividade, no réxime xeral da Seguridade Social, o que se acreditará mediante certificación expedida polo organismo da Administración da Seguridade Social competente en materia de afiliación, altas e baixas dos traballadores.

c) A formación profesional previa, mediante o título de formación profesional que corresponda.

2. Excepcionalmente, o exercicio efectivo das devanditas actividades poderase acreditar por calquera outro medio admitido en dereito, que se considere suficiente a xuízo da autoridade competente designada polas respectivas comunidades autónomas.

Disposición adicional primeira.

Nova redacción do artigo 1 do Real decreto 1063/1986, do 9 de maio, polo que se regula a expe-

dición de documentos e certificados referentes ó sector de actividades comerciais establecidos polas directivas do Consello da Comunidade Económica Europea na materia, para facilita-lo dereito de establecemento e a libre prestación de servizos nos diferentes estados membros da Comunidade Económica Europea («Boletín Oficial del Estado» número 132 do 3 de xuño de 1986, páxina 19859):

1. A alínea a) do artigo 1 quedará redactado como segue:

«a) Os documentos a que se refire o artigo 9 da Directiva 1999/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xuño de 1999, pola que se establece un mecanismo de recoñecemento de títulos respecto das actividades profesionais a que se refiren as directivas de liberalización e de medidas transitorias, respecto das actividades comerciais enumeradas nos seguintes puntos do seu anexo A:

Anexo A, primeira parte, lista V, alíneas a) e b).
Anexo A, primeira parte, lista VI, puntos 1 e 4.
Anexo A, segunda parte, puntos 3 e 11.»

2. Suprímense as alíneas b), c), d), e), f), g) e j).

3. As alíneas orixinais h) e i) pasarán a se-las alíneas b) e c), respectivamente, con idéntica redacción.

Disposición adicional segunda.

Modificación dos anexos do Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro, polo que se regula o sistema xeral de recoñecemento dos títulos de ensino superior dos estados membros da Comunidade Económica Europea que esixen unha formación mínima de tres anos de duración, segundo a redacción dada a aqueles polo Real decreto 1754/1998, do 31 de xullo, polo que se incorporan ó dereito español as directivas 95/43/CE e 97/38/CE e se modifican os anexos dos reais decretos 1665/1991, do 25 de outubro, e 1396/1995, do 4 de agosto, relativos ó sistema xeral de recoñecemento de títulos e formacións profesionais dos estados membros da Unión Europea e demais estados signatarios do Acordo sobre o espazo económico europeo:

1. Inclúese a profesión de «Enólogo» no epígrafe correspondente do anexo I (epígrafe «Sector técnico e de ciencias experimentais»), anexo III [alínea a) do punto «Ministerio de Educación e Cultura»] e anexo IV (punto «Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación»).

2. Inclúese a profesión de «Práctico de portos» no epígrafe correspondente do anexo I (epígrafe «Sector técnico e de ciencias experimentais»), anexo III (epígrafe «Ministerio de Fomento») e anexo IV (epígrafe «Ministerio de Fomento»).

3. Suprímese a mención da profesión de «Axente da propiedade inmobiliaria» no epígrafe correspondente do anexo I (epígrafe «Sector xurídico, contable e económico»), anexo III (epígrafe «Ministerio de Fomento») e anexo IV (epígrafe «Ministerio de Fomento»).

4. Dentro do anexo IV, a profesión de «Xeólogo» deixa de formar parte do epígrafe «Ministerio de Industria e Enerxía» e pasa a integrarse no epígrafe «Ministerio de Medio Ambiente».

Disposición adicional terceira.

Modificación dos anexos do Real decreto 1396/1995, do 4 de agosto, polo que se regula un segundo sistema xeral de recoñecemento de formacións

profesionais dos estados membros da Unión Europea e dos demais estados signatarios do Acordo sobre o espazo económico europeo e se complementa o establecido no Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro, segundo a redacción dada a estes polo Real decreto 1754/1998, do 31 de xullo, polo que se incorporan ó dereito español as directivas 95/43/CE e 97/38/CE e se modifican os anexos dos reais decretos 1665/1991, do 25 de outubro, e 1396/1995, do 4 de agosto, relativos ó sistema xeral de recoñecemento de títulos e formacións profesionais dos estados membros da Unión Europea e demais estados signatarios do Acordo sobre o espazo económico europeo:

1. Engádesse un novo epígrafe ó anexo IV coa denominación «Sector de actividades xerais», co seguinte contido: «Técnico superior en prevención de riscos profesionais».

A devandita profesión inclúese, ademais, no epígrafe «II. Órgano competente das comunidades autónomas» do anexo V e no epígrafe «I. Administración xeral do Estado» do anexo VI, nun novo epígrafe deste denominado «Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais».

2. Engádesse un novo epígrafe ó anexo IV coa denominación «Sector agroalimentario», co seguinte contido: «Técnico especialista en vitivinicultura. Técnico en elaboración de viños».

As devanditas profesións inclúense, ademais, no epígrafe «II. Órgano competente das comunidades autónomas» do anexo V e no epígrafe «I. Administración xeral do Estado (...) Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación» do anexo VI.

3. No epígrafe «Sector industrial» do anexo IV inclúese a profesión de «Instalador de sistemas fotovoltaicos á rede de baixa tensión».

A devandita profesión inclúese, ademais, no epígrafe «II. Órgano competente das comunidades autónomas» do anexo V e no epígrafe «I. Administración xeral do Estado (...) Ministerio de Industria e Enerxía» do anexo VI.

4. No epígrafe «Sector sanitario» do anexo IV inclúense as profesións seguintes: «Técnico superior en ortoprotésica» e «Técnico superior en audioprótese».

As devanditas profesións inclúense, ademais, no epígrafe «II. Órgano competente das comunidades autónomas» do anexo V e no epígrafe «I. Administración xeral do Estado (...) Ministerio de Sanidade e Consumo» do anexo VI.

5. No epígrafe «Sector económico-administrativo» do anexo IV suprímese a mención da profesión de «Axente comercial».

A devandita mención suprímese, ademais, no epígrafe «I. Departamento ministerial da Administración xeral do Estado (...) Ministerio de Economía e Facenda» do anexo V e no epígrafe «I. Administración xeral do Estado (...) Ministerio de Economía e Facenda» do anexo VI».

6. Suprímese a mención da profesión de «Administrador de terreos» no punto correspondente do anexo IV [epígrafe «Sector inmobiliario»], anexo V [epígrafe «I. Departamento ministerial (...) Ministerio de Fomento»] e anexo VI [epígrafe «I. Administración xeral do Estado (...) Ministerio de Fomento»].

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango no que se opoñan ó establecido neste real decreto e, en particular, as seguintes normas:

a) Real decreto 1464/1988, do 2 de decembro, polo que se desenvolve a Directiva 67/43/CEE do Consello das Comunidades Europeas, do 12 de xaneiro de 1967, relativa á liberdade de establecemento e á libre prestación de servizos para as actividades non asalariadas incluídas no sector dos negocios inmobiliarios.

b) Real decreto 390/1992, do 15 de abril, sobre liberdade de establecemento e libre prestación de servizos en actividades artesás.

c) Real decreto 438/1992, do 30 de abril, polo que se desenvolve a Directiva 67/43/CEE do Consello das Comunidades Europeas, do 12 de xaneiro de 1967, relativa á liberdade de establecemento e á libre prestación de servizos para as actividades non asalariadas no que afecta o sector de determinados «Servizos prestados ás empresas non clasificados noutro lugar» (grupo 839 CITI).

d) Real decreto 439/1992, do 30 de abril, polo que se desenvolve a Directiva 75/368/CEE do Consello das Comunidades Europeas, do 16 de xuño de 1975, relativa ás medidas destinadas a favorecer o exercicio efectivo da liberdade de establecemento e da libre prestación de servizos para diversas actividades (ex clase 01 a clase 85 CITI) e pola que se adoptan, en particular, medidas transitorias para as devanditas actividades (75/368/CEE).

e) Real decreto 1696/1995, do 20 de outubro, polo que se dictan normas en relación coa acreditación do exercicio en España das actividades referentes ás industrias alimentarias e de fabricación de bebidas, para os efectos do disposto nos artigos 4 e 8 da Directiva 68/366/CEE do Consello, do 15 de outubro de 1968 (clases 20 e 21 da CITI).

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Os ministros coproponentes deste real decreto e as comunidades autónomas dictarán, no ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación.

Disposición derradeira segunda. *Deber de informar sobre actividades reguladas en España.*

As autoridades españolas competentes para regular algunha das actividades enumeradas no anexo velarán para que todo beneficiario que o solicite sexa informado, antes de establecerse ou de comeza-la prestación de servizos, da normativa pola que se rexa a profesión que proxecte exercer, cando o acceso a tales actividades non poida exercerse se non se cumpren determinadas condicións de cualificación.

Disposición derradeira terceira. *Lista de autoridades autonómicas competentes.*

As comunidades autónomas comunicarán ós ministerios competentes por razón da materia o nome das autoridades autonómicas ás que competan as tarefas de certificar o exercicio das actividades reguladas en España e de autorizar o exercicio das devanditas actividades en España ós nacionais dos demais países membros, co fin de dar cumprimento ó disposto no artigo 10.1 da Directiva 1999/42/CE.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de febreiro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

ANEXO**Lista de actividades incluídas no ámbito de aplicación da Directiva 1999/42/CEE (anexo A)**

PRIMEIRA PARTE

Actividades relacionadas coas categorías de experiencia profesional

LISTA I

Clases comprendidas na Directiva 64/427/CEE, modificada pola Directiva 69/77/CEE, e nas directivas 68/366/CEE, 75/368/CEE e 75/369/CEE

1.

Directiva 64/427/CEE

(Directiva de liberalización 64/429/CEE)

Nomenclatura NICE

(Correspondente ás clases 23-40 CITI)

Clase 23 Industria téxtil.

232 Transformación de fibras téxtiles mediante sistema laneiro.

233 Transformación de fibras téxtiles mediante sistema algodoeiro.

234 Transformación de fibras téxtiles mediante sistema sedeiro.

235 Transformación de fibras téxtiles mediante sistema para liño e cânabo.

236 Industria doutras fibras téxtiles (fibra vexetal, fibras duras, etc.), cordoería.

237 Xéneros de punto.

238 Acabado de téxtiles.

239 Outras industrias téxtiles.

Clase 24 Fabricación de calzado, pezas de vestir e roupa de cama.

241 Fabricación mecánica de calzado (salvo en caucho e madeira).

242 Fabricación manual e reparación de calzado.

243 Confección de pezas de vestir (con exclusión das peles).

244 Fabricación de colchóns e roupa de cama.

245 Industria de peletería e pel.

Clase 25 Industria da madeira e da cortiza (con exclusión da industria de mobles de madeira).

251 Serradura e preparación industrial da madeira.

252 Fabricación de produtos semielaborados de madeira.

253 Carpintería, estruturas de madeira para a construción, parquetería (fabricación en serie).

254 Fabricación de embalaxes de madeira.

255 Fabricación de obxectos diversos de madeira (agás mobles).

259 Fabricación de artigos de palla, cortiza, cestería e rota para cepillos.

Clase 26-260 Industria do moble de madeira.

Clase 27 Industria do papel e fabricación de artigos de papel.

271 Fabricación de pasta, papel e cartón.

272 Transformación do papel e cartón, fabricación de artigos de pasta.

Clase 28-280 Impresión, edición industrias anexas.

Clase 29 Industria do coiro.

291 Curtición e acabado de coiro.

292 Fabricación de artigos de coiro e similares.

Ex Clase 30 Industria do caucho, de materias plásticas, de fibras artificiais ou sintéticas e de produtos amiláceos.

301 Transformación do caucho e do amianto.

302 Transformación de materias plásticas.

303 Producción de fibras artificiais e sintéticas.

Ex Clase 31 Industria química.

311 Fabricación de produtos químicos básicos e fabricación seguida de transformación máis ou menos elaborada deses produtos.

312 Fabricación especializada de produtos químicos destinados principalmente á industria e á agricultura (engádense a este grupo a fabricación de graxas e aceites industriais de orixe vexetal ou animal, a que se refire o grupo 312 da CITI).

313 Fabricación especializada de produtos químicos destinados principalmente ó consumo doméstico e á administración [queda excluída a fabricación de produtos medicinais e farmacéuticos (ex grupo 319 da CITI)].

Clase 32-320 Industria do petróleo.

Clase 33 Industria de produtos minerais non metálicos.

331 Fabricación de produtos de terras cocidas para a construción.

332 Industria do vidro.

333 Fabricación de gres, porcelanas, louza e produtos refractarios.

334 Fabricación de cementos, cales e xeso.

335 Fabricación de materiais de construción e de obras públicas en formigón, cemento e xeso.

339 Elaboración da pedra e de produtos minerais non metálicos.

Clase 34 Producción e primeira transformación de metais ferrosos e non ferrosos.

341 Siderurxia (segundo o Tratado CECA; comprendidas as coquerías siderúrxicas integradas).

342 Fabricación de tubos de aceiro.

343 Trefilado, estirado, laminado de chapas, perfilado en frío.

344 Producción e primeira transformación de metais non ferrosos.

345 Fundicións de metais ferrosos e non ferrosos.

Clase 35 Fabricación de produtos metálicos (agás máquinas e material de transporte).

351 Forxa, estampado, cuñaxe e grande embutición.

352 Segunda transformación, tratamento e recubrimiento dos metais.

353 Construción metálica.

354 Caldeirería, construción de depósitos e outras pezas de chapa.

355 Fabricación de ferramentas e artigos rematados en metais, con exclusión de material eléctrico.

359 Actividades auxiliares das industrias mecánicas.

Clase 36 Construción de maquinaria non eléctrica.

361 Construción de máquinas e tractores agrícolas.

362 Construción de máquinas de oficina.

a

363 Construcción de máquinas-ferramentas para traballa-los metais, utensilios e equipos para máquinas.

364 Construcción de máquinas téxtiles e os seus accesorios, construción de máquinas de coser.

365 Construcción de máquinas e aparellos para as industrias alimentarias, químicas e conexas.

366 Construcción de material para a minería, a siderurxia e as fundicións, obras públicas e a construción; construción de material de elevación e manipulación.

367 Fabricación de órganos de transmisión.

368 Construcción de máquinas para fins industriais específicos.

369 Construcción doutras máquinas e aparellos non eléctricos.

Clase 37 Construcción de maquinaria e material eléctrico.

371 Fabricación de fíos e cables eléctricos.

372 Fabricación de material eléctrico de equipamento (motores, xeradores, transformadores, interruptores, equipos industriais, etc.).

373 Fabricación de material eléctrico de utilización.

374 Fabricación de material de telecomunicación, contadores, aparellos de medida e material electromédico.

375 Construcción de aparellos electrónicos, radio, televisión e aparellos electroacústicos.

376 Fabricación de aparellos electrodomésticos.

377 Fabricación de lámpadas e material de iluminación.

378 Fabricación de pilas e acumuladores.

379 Reparación, montaxe, traballos de instalación técnica (instalación de máquinas eléctricas).

Ex Clase 38 Construcción de material de transporte.

383 Construcción de automóviles e pezas separadas.

384 Talleres independentes de reparación de automóviles, motocicletas ou bicicletas.

385 Construcción de motocicletas, bicicletas e as súas pezas separadas.

389 Construcción doutro material de transporte non comprendido noutras partes.

Clase 39 Industrias manufactureiras diversas.

391 Fabricación de instrumentos de precisión, de aparellos de medida e de control.

392 Fabricación de material médico-cirúrxico e de aparellos ortopédicos (excluído o calzado ortopédico).

393 Fabricación de instrumentos ópticos e equipo fotográfico.

394 Fabricación e reparación de reloxo.

395 Bixutería, ourivería, xoiería e talla de pedras preciosas.

396 Fabricación e reparación de instrumentos de música.

397 Fabricación de xogos, xoguetes e artigos de deportes.

399 Outras industrias manufactureiras.

Clase 40 Construcción e obras públicas.

400 Construcción e obras públicas (sen especialización), demolición.

401 Construcción de inmobles (de vivendas e doutro tipo).

402 Obras públicas: construción de estradas, pontes, vías férreas, etc.

403 Instalacións.

404 Acabados.

2.

Directiva 68/366/CEE

(Directiva de liberalización 68/365/CEE)

Nomenclatura NICE

Clase 20 A-200 Industrias de graxas vexetais e animais.

Clase 20 B Industrias alimentarias (agás a elaboración de bebidas).

201 Sacrificio de gando, preparación e conservas de carne.

202 Industrias lácteas.

203 Fabricación de conservas de froitas e verduras.

204 Fabricación de conservas de peixe e outros produtos mariños.

205 Fabricación de produtos de industria muiñeira.

206 Industrias do pan, repostería, pastelería e galletas.

207 Industria do azucre.

208 Industria do cacao, chocolate e produtos de confeitaría.

209 Elaboración de produtos alimenticios diversos.

Clase 21 Elaboración de bebidas.

211 Industrias de alcohois etílicos de fermentación, fermento e bebidas alcohólicas non procedentes de viño.

212 Industria vinícola e de bebidas alcohólicas asimiladas (sen malte).

213 Fabricación de cervexa e malte.

214 Industria de bebidas non alcohólicas e augas gasosas.

Ex 30 Industria do caucho, materias plásticas, fibras artificiais ou sintéticas e produtos amiláceos.

304 Industria dos produtos amiláceos.

3.

Directiva 75/368/CEE

(Actividades previstas no punto 1 do artigo 5)

Nomenclatura CITI

Ex 04 Pesca.

043 Pesca en augas interiores.

Ex 38 Construcción de material de transporte.

381 Construcción naval e reparación de buques.

382 Construcción de material ferroviario.

386 Construcción de avións (incluída a construción de material espacial).

Ex 71 Actividades auxiliares do transporte e actividades distintas do transporte incluídas nos seguintes grupos:

Ex 711 Explotación de coches cama e de coches restaurantes; mantemento do material ferroviario nos talleres de reparación; limpeza dos coches.

Ex 712 Mantemento do material de transporte urbano, suburbano interurbano de viaxeiros.

Ex 713 Mantemento doutros materiais de transporte de viaxeiros por estrada (como automóviles, autocares, taxis).

Ex 714 Explotación e mantemento de obras auxiliares dos transportes por estrada (como estradas, túneles e pontes de peaxe, estacións de estrada, aparcadoiros, cocheiras de autobuses e de tranvías).

Ex 716 Actividades auxiliares relativas á navegación interior (como explotación e mantemento de vías de auga, portos e demais instalacións para a navegación interior; remolque e pilotaxe nos portos, balizamento, carga e descarga de barcos e outras actividades análogas, como salvamento de barcos, sirga, explotación de amarres para lanchas).

73 Comunicación: correos e telecomunicacións.

Ex 85 Servicios persoais.

854 Lavandería, limpeza en seco, tinturerías.

Ex 856 Estudios fotográficos: retratos e fotografía comercial, con excepción da actividade de reporteiro gráfico.

Ex 859 Servicios persoais non comprendidos noutro lugar (unicamente mantemento e limpeza de inmobles ou de locais).

4.

Directiva 75/369/CEE

(Artigo 6: Cando a actividade se considere industrial ou artesanal)

Nomenclatura CITI

a) Exercicio ambulante das actividades seguintes:

1.^a A compra e venda de mercadorías por vendedores ambulantes e quincalleiros (ex grupo 612 CITI).

2.^a A compra e venda de mercadorías en mercados cubertos, con instalacións non fixadas de forma estable ó chan e en mercados non cubertos.

b) As actividades que sexan obxecto de medidas transitorias xa adoptadas que exclúan expresamente ou non mencionen o exercicio ambulante de tales actividades.

LISTA II

Directiva 82/470/CEE

(Punto 3 do artigo 6)

Grupos 718 e 720 da nomenclatura CITI.

As actividades consideradas consisten, en particular, en: organizar, presentar e vender, a tanto alzado ou a comisión, os elementos illados ou coordinados (transporte, aloxamento, comida, excursión, etc.) dunha viaxe ou unha estadía, sexa cal sexa o motivo do desprazamento [parágrafo a) do punto B do artigo 2].

LISTA III

Directiva 82/489/CEE

Ex 855 Salóns de peiteado (con exclusión das actividades de pedicura e das escolas profesionais de coitados de beleza).

LISTA IV

Directiva 82/470/CEE

(Punto 1 do artigo 6)

Grupos 718 e 720 da nomenclatura CITI.

As actividades consideradas consisten, en particular, en: actuar como intermediario entre os empresarios dos distintos modos de transporte e as persoas que expiden

ou se fan expedir mercadorías, así como efectuar diversas operacións anexas:

aa) Celebrando contratos, por conta dos comitentes, cos empresarios de transportes;

bb) Elixindo o modo de transporte, a empresa e o itinerario considerados máis vantaxosos para o comitente;

cc) Preparando o transporte desde o punto de vista técnico (por exemplo, embalaxe necesaria para o transporte); efectuando diversas operacións accesorias durante o transporte (por exemplo, garantindo o abastecemento de xeo para os vagóns frigoríficos);

dd) Cumprindo as formalidades vinculadas ó transporte, como a redacción das cartas de porte; agrupando e desagrupando os envíos;

ee) Coordinando as distintas partes dun transporte ocupándose do tránsito, a reexpedición, o transbordo e diversas operacións terminais;

ff) Proporcionando, respectivamente, o frete ós transportistas e os medios de transporte ás persoas que expiden ou se fan expedir mercadorías: calcula-los custos de transporte e controla-la súa desagregación; realizar determinados trámites de forma permanente ou ocasional, en nome e por conta dun armador ou un transportista marítimo (ante as autoridades portuarias, as empresas de abastecemento do navío, etc.).

[Actividades consideradas nas alíneas a), b) e d) do punto A do artigo 2.]

LISTA V

Directivas 64/222/CEE e 70/523/CEE

a)

[Véxase a alínea a) do punto 5 do artigo 4 da presente directiva]

Directiva 64/222/CEE

(Directivas de liberalización 64/223/CEE e 64/224/CEE)

0. Actividades non asalariadas do comercio por xunto agás o de medicamentos e produtos farmacéuticos, produtos tóxicos e axentes patóxenos e do carbón (grupo ex 611).

1. Actividades profesionais do intermediario encargado, en virtude dun a varios apoderamentos, de preparar ou realizar operacións comerciais en nome e por conta allea.

2. Actividades profesionais do intermediario que, sen estar encargado diso permanentemente, pon en relación as persoas que desexan contratar directamente, prepara as súas operacións comerciais ou axuda á súa realización.

3. Actividades profesionais do intermediario que realiza no seu propio nome operacións comerciais por conta allea.

4. Actividades profesionais do intermediario que efectúa por conta allea vendas por xunto en poxa pública.

5. Actividades profesionais do intermediario que faga visitas domiciliarias para conseguir pedidos.

6. Actividades de prestacións de servicios efectuadas con carácter profesional por un intermediario asalariado que estea ó servizo dunha ou varias empresas comerciais, industriais ou artesanais.

b)

[Véxase a alínea b) do punto 5 do artigo 4 da presente directiva]

Directiva 70/523/CEE

Actividades non asalariadas do comercio almacenista de carbón e as actividades de intermediario no sector de carbón (ex grupo 6112 da nomenclatura CITI).

LISTA VI

Directivas 68/364/CEE, 68/368/CEE, 75/368/CEE, 75/369/CEE e 82/470/CEE

1.

Directiva 68/364/CEE

(Directiva de liberalización 68/363/CEE)

Ex grupo 612 CITI Comercio retalista.

Actividades excluídas:

- 012 Aluguer de maquinaria agrícola.
- 640 Negocios inmobiliarios, arrendamento.
- 713 Aluguer de automóviles, coches e cabalos.
- 718 Aluguer de coches e vagóns de ferrocarril.
- 839 Aluguer de maquinaria para empresas comerciais.
- 841 Aluguer de localidades de cinema e aluguer de películas cinematográficas.
- 842 Aluguer de localidades de teatro e aluguer de material de teatro.
- 843 Aluguer de barcos, aluguer de bicicletas, aluguer de máquinas de moedas.
- 853 Aluguer de cuartos amoblados.
- 854 Aluguer de roupa de casa limpa.
- 859 Aluguer de pezas de vestir.

2.

Directiva 68/368/CEE

(Directiva de liberalización 68/367/CEE)

Nomenclatura CITI

Ex clase 85 CITI:

- 1. Restaurantes e establecementos de bebidas (grupo 852 CITI).
- 2. Hoteis e establecementos análogos, terreos de cámping (grupo 853 CITI).

3.

Directiva 75/368/CEE (artigo 7)

Tódalas actividades do anexo da Directiva 75/368/CEE, agás as actividades enumeradas no artigo 5 desta (lista I, n. 3 do presente anexo).

Nomenclatura CITI

- Ex 62 Bancos e outras entidades financeiras.
- Ex 620 Oficinas de patentes e empresas de distribución de canons ou dereitos.
- Ex 71 Transporte.
- Ex 713 Transporte de viaxeiros por estrada, con exclusión dos transportes efectuados con automóviles.

Ex 719 Explotación de conductos destinados ó transporte de hidrocarburos líquidos e outros produtos químicos líquidos.

Ex 82 Servicios prestados á colectividade.

827 Biblioteca, museos, xardíns botánicos e zoolóxicos.

Ex 84 Servicios recreativos.

843 Servicios recreativos non comprendidos noutro lugar: actividades deportivas (terreos deportivos, organizacións de reunións deportivas, etc.), con excepción das actividades de instructores de deportes; actividades de xogos (cortes de carreiras, terreos de xogo, hipódromos, etc.); outras actividades recreativas (circos, parques de atraccións, outras diversións, etc.).

Ex 85 Servicios persoais.

Ex 851 Servicios domésticos.

Ex 855 Institutos de beleza e actividades de manicura, con exclusión das actividades de pedicura, das escolas profesionais de coidados de beleza e de salón de peiteado.

Ex 859 Servicios persoais non comprendidos noutro lugar, con excepción das actividades dos masaxistas deportivos e paramédicos e dos guías de montaña, agrupados como segue: desinfección e loita contra animais nocivos; aluguer de roupa e custodia de obxectos; axencias matrimoniais e servicios análogos; astroloxía, adiviñación do porvir e actividades similares; servicios hixiéticos e actividades afíns; pompas fúnebres e mantemento de cemiterios; guías acompañantes intérpretes turísticos.

4.

Directiva 75/369/CEE

(Artigo 5)

Exercicio ambulante das actividades seguintes:

a) A compra e venda de mercadorías: por vendedores ambulantes e quincalleiros (ex grupo 612 CITI); en mercados cubertos, con instalacións non fixadas de forma estable ó chan e en mercados non cubertos.

b) As actividades que sexan obxecto de medidas transitorias xa adoptadas que exclúan expresamente ou non mencionen o exercicio ambulante de tales actividades.

5.

Directiva 82/470/CEE

(Punto 2 do artigo 6)

[Actividades mencionadas nas alíneas c) e e) do punto A, a alínea b) do punto B e os puntos C e D do artigo 2.]

As devanditas actividades consisten, en particular, en: proporcionar en aluguer vagóns ou coches de ferrocarril para o transporte de persoas ou de mercadorías; actuar como intermediario para a compra, a venda ou o arrendamento de navíos; preparar, negociar e asinar contratos para o transporte de emigrantes; recibir calquera obxecto e mercadoría en depósito, por conta do depositante, en réxime aduaneiro ou non aduaneiro, en depósitos, almacéns xerais, gardamobles, depósitos frigoríficos, silos, etc.; expedir ó depositante un documento representativo do obxecto ou da mercadoría recibida en depósito; faci-

litar currais, alimento e lugar de venda para o gando en custodia temporal, xa sexa antes da súa venda ou no tránsito ata o seu destino ou desde o mercado; realiza-la inspección ou a peritación técnica de vehículos automóbiles; medir, pesar e calibra-las mercadorías.

SEGUNDA PARTE

Actividades distintas das previstas na primeira parte

1.

Directivas 63/261/CEE, 63/262/CEE, 65/1/CEE, 67/530/CEE, 67/531/CEE, 67/532/CEE, 68/192/CEE, 68/415/CEE e 71/18/CEE

Nomenclatura CITI

Clase ex 01 Agricultura.

En particular:

a) Agricultura xeral, incluída a viticultura, a fructicultura, a produción de sementes, a horticultura intensiva, floral e ornamental, mesmo en invernadoiro.

b) A cría de gando, a avicultura, a cunicultura, a cría de animais de peletería e as crías diversas; a apicultura; a produción de carne, leite, la, peles e peles finas, ovos e mel.

c) Os traballos de agricultura, cría de gando e horticultura, realizados a tanto alzado ou baixo contrato.

2.

Directiva 63/607/CEE

(Películas)

3.

Directiva 64/223/CEE

Nomenclatura CITI

Ex grupo 611 Comercio por xunto (con excepción do comercio de medicamentos e produtos farmacéuticos, de produtos tóxicos e axentes patóxenos, e de carbón).

4.

Directiva 64/428/CEE

Nomenclatura NICE

Grupo.

Clase 11 Extracción e preparación de combustibles sólidos.

111 Extracción e preparación de hulla.

112 Extracción e preparación de lignito.

Clase 12 Extracción de minerais metálicos.

121 Extracción de mineral de ferro.

122 Extracción de minerais metálicos non férreos e actividades conexas.

Ex 13-ex 130 Extracción de petróleo e de gas natural (con exclusión da prospección e a sondaxe).

Clase 14-140 Extracción de materiais de construción e arxilas.

Clase 19-190 Extracción doutros minerais, tobeiras.

5.

Directiva 65/264/CEE

(Cinematografía)

6.

Directiva 66/162/CEE

Nomenclatura CITI

Rama 5 Electricidade, gas, vapor, auga e servicios sanitarios.

7.

Directiva 67/43/CEE

Nomenclatura CITI

Ex grupo 640 Negocios inmobiliarios (salvo 6401).

Grupo 839 Servicios prestados ás empresas non clasificados noutra lugar (con excepción das actividades do ámbito da prensa, dos axentes de alfándega, do asesoramento en materia económica, financeira, comercial e estatística así como en materia laboral e de cobramento de créditos).

8.

Directiva 67/654/CEE

Nomenclatura CITI

Clase 02 Silvicultura e explotación forestal.

021 Silvicultura.

022 Explotación forestal.

9.

Directivas 68/369/CEE e 70/451/CEE

Nomenclatura CITI

Ex grupo 841 Producción, distribución e proxección de películas cinematográficas.

10.

Directiva 69/82/CEE

Nomenclatura CITI

Ex clase 13.

Ex 130 Petróleo cru e gas natural (prospección e sondaxe).

11.

Directiva 70/522/CEE

Nomenclatura CITI

Ex grupo 6112 Carbón.